

REMATE 2º CUADRIMESTRE ESA (XUÑO)

Curso 2024-2025

- **VENRES, 6 de xuño** - Os titores e titoras (ou membros do equipo directivo nalgún aso) entregaran os boletíns coas cualificacións finais, convocatoria Ordinaria, segundo o horario establecido e nas aulas de referencia para cada grupo.
- **LUNS 9 e, MARTES 10 de xuño**- Revisión e/ou reclamacións das cualificacións finais (ata 19:00 h do MARTES para o alumnado de tarde-noite).
- **O alumnado de 4º ESA (presencial e semipresencial) que supere todos os ámbitos e sexa proposto para o Título poderá retirar os certificados académicos e os Celgas (se fose o caso) a partir do MARTES, 17 de xuño.**
- O alumnado que non supere algún ou algúns dos ámbitos nos que está matriculado poderá realizar os **exames finais extraordinarios do 17 ao 19 de xuño** (o calendario publicárase nos taboleiros e na páxina web do centro). Ata o luns, 16 de xuño, poderedes asistir a clases (no mesmo horario de clase e titorías de orientación, establecido ao inicio do 2º cuadrimestre) para realizar actividades de reforzo de cara a preparar estas probas extraordinarias.
- **MARTES, 24 de xuño**: entrega boletíns cualificacións finais (convocatoria extraordinaria), no horario establecido e nas aulas de referencia para cada grupo.
- **MÉRCORES 25 e, XOVES 26 de xuño**: Revisión e/ou reclamacións das cualificacións finais (ata 18:00 h do XOVES para o alumnado de tarde-noite).
- **O alumnado de 4º ESA (presencial e semipresencial) que supere todos os ámbitos e sexa proposto para o Título poderá retirar os certificados académicos e os Celgas (se fose o caso) a partir do VENRES, 27 de xuño.**

PROCESO DE ADMISIÓN/MATRÍCULA ESA para o curso 2025-2026:

- **O alumnado de 1º, 2º e 3º ESA** con todos os ámbitos superados na convocatoria ordinaria (6 de xuño), poderá formalizar a súa admisión/matrícula para o vindeiro curso a partir do **LUNS 16 XUÑO**. Deberá cumprimentar a solicitude (pode recollela na Conserxería do Centro). Outra documentación que deberá aportar: unha copia do boletín de notas, unha fotografía. O pago do seguro escolar (1,12 €) so para 3º e 4º ESA.
- **O alumnado de 4º**, proposto para o título de Graduado en ESO, que desexe cursar no centro as ensinanzas de Bacharelato poderá solicitar na secretaría unha solicitude para realizar a admisión para estas ensinanzas **a partir do 25 de xuño**.
- **O alumnado (ESA) con ámbitos non superados**, terá que esperar á convocatoria extraordinaria para formalizar a súa admisión/matrícula. Os trámites a realizar serán os mesmos que no caso anterior e o **PRAZO será ata o 30 de xuño**.

*Vigo, 3 xuño 2025
Xefatura Estudios*